



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS PARA ESTUDANTES DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES NO MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou coa Escola Superior de Arte do Principado de Asturias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dun ano dende a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento das prácticas externas que realice o alumnado de Ensinanzas Artísticas Superiores do Principado de Asturias no Museo Pedagógico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Real decreto 635/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico destas ensinanzas artísticas superiores, prevé no seu artigo 11, que as Administracións educativas ou os centros promoverán a firma de convenios con empresas e institucións para a realización de prácticas externas por parte do alumnado que cursan estes ensinos.

É de interese de ambas as dúas partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado destas ensinanzas co propósito de conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que formalizou, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

*(asinado dixitalmente)*

